A reflexión sobre a natureza humana ten unha longa tradición no pensamento occidental. Mentres algúns autores trataron de fundamentar nela normas e comportamentos, outros moitos pensaron que os humanos carecemos dunha natureza definida. Na actualidade, o naturalismo evolucionista estase a impoñer no pensamento científico e na filosofía cercana á ciencia. O redescubrimento da "naturaleza humana", está a recolocar ao animal humano nun lugar máis modesto que aquel que lle asignara a tradición, pero esto non impide que a antropoloxía filosófica siga a preguntarse que é o característico da "natureza humana" e se é posible aínda manter que este rasgo específico (a mente, a linguaxe, a liberdade, o sentemento moral…) que sin dúbida ten as súas raíces na bioloxía, nos outorga aos humanos certa singularidade.